

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Á vista da proposta do Tribunal encargado de xulga-lo proceso de selección de **UN/UNHA CONSERXE PARA O AUDITORIO MANUEL DOPAZO, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA PARA SUBSTITUIR Á SÚA TITULAR QUE SE ATOPA EN BAIXA POR ILT**, e unha vez examinada a documentación obrante no expediente,

RESOLVO:

Primeiro: Seleccionar como conserxe para o Auditorio Manuel Dopazo (persoal laboral temporal), a xornada completa para substituir á súa titular en baixa por ILT, para a realización das tarefas propias do posto a partir do día 01 de abril de 2018 a:

- LIÑARES NIETO Juan José: 2,10 puntos

Reserva:

- CUIÑA FERNÁNDEZ Pilar 2,00 puntos

Segundo: Comunicar a presente resolución ós interesados, así como ó Departamento de Recursos Humanos do Concello de Silleda e ó Pleno corporativo na vindeira sesión que se celebre.

Terceiro: **Antes das 13:00 h. do día 23 de marzo de 2018**, e segundo establece o punto 8 das Bases, **o seleccionado deberá aportar antes da normalización do contrato a seguinte documentación, sempre que non a tivesen presentado con anterioridade:**

a) Copia compulsada do DNI.

b) Certificado médico orixinal acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio das funcións correspondentes ao posto que se optou.

c) Declaración xurada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de empregos ou cargos públicos por sentenza firme.

Cuarto: Segundo o punto 8 das Bases, se o/a seleccionado/a para o posto non presentase a documentación esixida (non sendo por causa de forza maior), non poderán ser nomeados e quedarán anuladas todas as súas actuacións sen prexuízo doutras responsabilidades nas que puidesen incurrir.

Silleda, a 20 de marzo de 2018

O ALCALDE-PRESIDENTE
Asdo. Manuel Cuiña Fernández